

Rumba das árbores

Os Escaravellos

Os castiñeiros no souto,
sobreira no sobreiral
carballos na carballeira
e teixos no teixedal.

A rumba dos nosos bosques
temos todos que cantar
as árbores son a vida
non o esquezades xamáis.

O salgueiro dá boa sombra

neniña pra namorar

e o loureiro arrecende

ó carón deles que ben se está.

Os castiñeiros no souto...

Co bidueiro fanse zocas

e a abeleira dá abelás,

e co buxo gaitas fermosas

pra nunca pararmos de tocar.

Os castiñeiros no souto...

As nosas árbores senlleiras

*temos todos que protexer,
forman parte da nosa historia*

dos vosos avós, dos meus tamén.

Os castiñeiros no souto...

E con esta xa rematamos,

*non o esquezades rapaz,
coidade ben dos vosos bosques,*

que o lume non os queime xamáis.

Os castiñeiros no souto,
sobreira no sobreiral
carballos na carballeira
e teixos no teixedal.

A rumba dos nosos bosques
temos todos que cantar
as árbores son a vida
non o esquezades xamáis.